

CORRECTOR EN GALEGO PARA OPENOFFICE.ORG

Táboa de contidos

CORRECTOR EN GALEGO PARA OPENOFFICE.ORG	1
Sobre esta versión do corrector	2
Instalación	2
Licenza	2
Descarga e instalación para OpenOffice.org3	3
Descarga e instalación para OpenOffice.org 2	6
Vídeo demostración da instalación	6
Con conexión á Internet	6
Sen conexión á Internet	6
Notas	7

Sobre esta versión do corrector

Esta versión do corrector está dispoñible de dúas maneiras distintas, segundo a versión do OpenOffice.org que estemos a usar:

- **ZIP** autoinstalable mediante o **asistente de instalación de dicionarios do OpenOffice.org 2**
- **OXT: extensión para o OpenOffice.org 3** instalable mediante o “Xestor de extensións”.

Instalación

Esta versión inclúe máis de 21 millóns de palabras, 500 abreviaturas, 1500 nomes e apelidos, 400 siglas e acrónimos e 1.500 topónimos.

Licenza

Este é un **dicionario para OpenOffice.org baseado no motor Hunspell** creado dentro de "Mancomun, Centro de Referencia e Servizos de Software Libre" e desenvolvido usando a normativa vixente en Setembro de 2006.

O dicionario está liberado baixo os termos da GNU GPL versión 2.

Unha copia desta licenza pode atoparse na seguinte páxina web:

<http://www.gnu.org/licenses/old-licenses/gpl-2.0.html>

e unha tradución ao galego aquí:

http://www.mancomun.org/GPL2_GL/gpl2_gl.txt

Dentro da carpeta “Corrector” deste CD atopará todos os ficheiros aos que se fai referencia nestas instrucións, de maneira que poderá instalar o OpenOffice.org en galego e máis o corrector sen necesidade de estar conectado a Internet.

Descarga e instalación para OpenOffice.org3

Se descargaches a versión do OpenOffice.org 3 en galego, non é necesario que instales o corrector, xa que vén instalado de modo predeterminado.


Para descargar a última versión (só válida para o OpenOffice.org 3) temos que descargar a extensión co corrector desde a seguinte páxina:

[Extensión Corrector galego OpenOffice.org 3](#)

Nesa páxina hai que **premer no botón "Get it"** para descargar o ficheiro: [corrector_OOo.xzt](#) para posteriormente gardalo no noso computador:




Unha vez descargada a extensión, procederemos a **abrir o OpenOffice.org 3**.
Abriremos o menú "**Ferramentas-Xestor de extensións**"



Prememos o botón "Engadir..."

Seleccionamos o ficheiro corrector_OOo.oxt e prememos abrir. Iniciarásenos o asistente para instalar a nova extensión:



Prememos en "**Aceptar**" para aceptar a licenza da extensión e con isto estará rematada a instalación do corrector.

Agora abondará con **reiniciar o OpenOffice.org 3** para poder comezar a usalo.

Descarga e instalación para OpenOffice.org 2

Vídeo demostración da instalación

Aquí incluimos unha ligazón a un vídeo onde se mostra paso a paso a instalación do corrector no OpenOffice.org 2:

[Vídeo demostración \(formato OGG\)](#)

Con conexión á Internet

1. **Abrir o Writer.**
2. Escoller no menú Ficheiro, Asistentes, **Instalar novos dicionarios...**
3. No documento que se abre **premer sobre Galego**
4. Premer no botón **Executar DicOOo.**
5. Seguir os pasos do **asistente de instalación.**
6. Premer no botón **Seguente.**
7. **Escoller o idioma Galician (Spain)**
8. Premer **Seguente** nas 2 seguintes pantallas.
9. Na pantalla onde aparece a mensaxe "O asistente descomprimirá os dicionarios seleccionados e instalaraos", **desmarcar "Non descomprimir os dicionarios que xa están instalados (non actualizar)" para que no caso de ter unha versión antiga do dicionario galego a actualice.**
10. Premer **Seguente** e logo **Rematar.**
11. Unha vez finalizado o proceso, **reiniciar o OpenOffice.org.** Hai que pechar tamén a icona do OpenOffice.org ao lado do reloxo do sistema. A seguinte vez que se inicie xa estará instalado o corrector galego.

Sen conexión á Internet

Para descargar o corrector pulsa na seguinte ligazón:

[gl_ES-pack.zip](#) (215KB)

Para instalar o novo corrector, que é multiplataforma, segue as seguintes instrucións:

1. Descargar o ficheiro **gl_ES-pack.zip** ao disco duro.
2. **Abrir o Writer.**
3. Escoller no menú Ficheiro, Asistentes, **Instalar novos dicionarios...**

4. No documento que se abre **premer sobre Galego**
5. Premer no botón **Executar DicOOo**.
6. Marcar a opción "**Instalación dun paquete de dicionario xa descargado**".
7. Premer no botón **Explorar**. Buscar o ficheiro descargado no paso 1 no noso disco: gl_ES-pack.zip.
8. Premer no botón **Seguinte**.
9. **Escoller o idioma** Galician (Spain)
10. Premer **Seguinte** nas 2 seguintes pantallas.
11. Na pantalla onde aparece a mensaxe "O asistente descomprimirá os dicionarios seleccionados e instalaraos", **desmarcar** "Non descomprimir os dicionarios que xa están instalados (non actualizar)" **para que no caso de ter unha versión antiga do dicionario galego a actualice**.
12. Premer **Seguinte** e logo **Rematar**.
13. Unha vez finalizado o proceso, **reiniciar o OpenOffice.org**. Hai que pechar tamén a icona do OpenOffice.org ao lado do reloxo do sistema. A seguinte vez que se inicie xa estará instalado o corrector galego.

Notas

Para estar ao tanto de novas actualizacións, tanto do OpenOffice.org en galego como do corrector en galego, non dubides en visitar a web de mancomun.org:

<http://www.mancomun.org>

Outras ligazóns

Corrector ortográfico para OpenOffice.org :

http://wiki.mancomun.org/index.php/Corrector_ortográfico_para_OpenOffice.org

OpenOffice.org en Galego:

<http://www.mancomun.org/openoffice.org-en-galego.html>